

Texto: **ANA FERNÁNDEZ-ABASCAL**

Ilustracións: **FLAVIO MORAIS**

Cartón con esquinas redondeadas.

17,5x22 cm. 16 páxnas en color.

Dispoñible en:

-Galego: "O señor don Nicanor". ISBN 978-84-15250-09-8

-Castelán: "El señor don Nicanor". ISBN 978-84-15250-10-4


-Portugués: "O senhor Nicanor". ISBN 978-989-8205-52-0

-Inglés: "Mr. Anderson". ISBN 978-84-15250-13-5

Prezo 10 €

O SEÑOR DON NICANOR

— Que película tan mala!
 Será mellor apagala.
 E como non dá parado,
 colle un libro decontado...



Tanto polo material e a feitura do libro, cartón cos cantos redondeados, como polo seu contido, un texto rimado, sinxelo, estruturado de forma circular e con historias encadeadas, "O señor Don Nicanor" podería parecer un álbum ilustrado para primeiros lectores. En cambio, é un libro que complace o afán lector a calquera idade e está chamado a ocupar un lugar importante na biblioteca, xunto ás obras de referencia.

Ana Fernández-Abascal enlaza a tres personaxes como protagonistas dun conto que cada un vai lendo sucesivamente, cunha fórmula que se vai repetindo a modo de retrouso. Os tres acoden a un libro para satisfacer a dose de emoción, entretemento, ou aprendizaxe que non lles proporciona a televisión. "O señor Don Nicanor" contrapón así o valor da lectura fronte á hexemonía dos medios audiovisuais e as novas tecnoloxías.

As ilustracións de Flavio Morais son planas, esquemáticas, de cores intensas que producen chamativos contrastes. A proposta artística é moderna e moi atractiva, xoga coa alternancia de cores predominantes en cada páxina e introduce figuras baseadas na cultura iconográfica, logrando un resultado de estética "pop".

ANA FERNÁNDEZ-ABASCAL (Cantabria, 1950)

Adicouse durante moitos anos a exercer a actividade docente en diversos centros de ensino galegos, os máis deles nunha escola de Arzúa. Impartiu clases a rapaces de todas as idades. Participou na elaboración de varios libros de lecto-escritura e estivo sempre vencellada aos movementos de renovación pedagóxica existentes en Galicia.

FLAVIO MORAIS (Brasil, 1954)

Estudou na Chelsea School of Art (Londres). Instalouse en Barcelona, onde traballa para editoriais, xornais, revistas e axencias de publicidade. Tamén participa en proxectos de animación para a televisión española, catalana e italiana. Colaborou coa promoción dos Xogos Olímpicos de Barcelona '92. Traballou en Brasil realizando proxectos de Escenografía Urbana. Colabora en Barcelona co Estudio Peret. O seu ámbito artístico inclúe a escultura-instalación, a ilustración e as pinturas murais. A súa obra individual estivo exposta en salas de Barcelona, Madrid e Bahía (Brasil). Participou en mostras colectivas celebradas en países de América, Europa e Asia. Recibiu o Premio Daniel Gil 2007 por "Só un segundo" (KALANDRAKA).



- **Temática:** o valor da lectura fronte á televisión
- **Idade recomendada:** dende 4 anos
- **Aspectos destacables:** libro de cartón, cantos redondeados; texto rimado, repeticións; estrutura circular, personaxes encadenados; ilustracións de estética "pop"; animación á lectura; do ilustrador de "Só un segundo" (Kalandraka)